

In memoriam de Kristina Berg

Escrito por Antonio Araújo
Xoves, 05 Xullo 2012 20:11



Foi unha sorte e un privilexio gozar da amizade de Kristina Berg e de Carlos Casares e tamén de compartir veciñanza miñorana con ámbolos dous.

A cousa comezou moitos anos atrás, no Entroido de 1.994. Cando o Entroido en Gondomar era un Entroido de verdade.....

Foi naquela altura que dous atrevidos e revolucionarios mozos de Gondomar, máis o primeiro que o segundo: Manuela de Peitieiros e máis eu, que nos plantamos no despacho de Casares en Galaxia para lle pedir que nos escribise o Testamento da Sardiña daquel ano.....Fixolle moita gracia semellante petición, pois nunca antes tal cousa lle acontecerá. E nós xustificamos a petición na súas raíces limiás, berce do Entroido máis antergo de Galiza.....E así foi, dúas semanas máis tarde e no mesmo despacho de Galaxia leunos unha magnífica peza escrita que, en primicia mundial, nos fixo botar unhas risas alí mesmo.

Que mágoa perder agora a Kristina e que inxusta é a vida!!.....

Aí tedes a proba en forma de fotos da boa xente que era Kristina, son de cando a inauguración do paseo Carlos Casares no ano 2008 no centro da Vila de Gondomar e das magníficas

In memoriam de Kristina Berg

Escrito por Antonio Araújo
Xoves, 05 Xullo 2012 20:11

esculturas da Galiña Azul realizadas por Alfonso Soliño, que tamén sae na foto.....Aí está Kristina lendo versos de Xosé M^a Álvares Blázquez, e a banda de música de Vincios disposta a nos deleitar cun fermoso recital de música clásica galega.....E para rematar o noso Himno.....

Foise Kristina para o seu norteño e Hiperbóreo reino, quizais sexa Thule, e viva alí para sempre feliz xunto a Casares, Sigrid e o Capitán Trono.....

Levarésmote sempre no corazón!!!

Val Miñor, 4 de xullo de 2012.
Antonio Araújo.
Ex – Alcalde de Gondomar.



In memoriam de Kristina Berg

Escrito por Antonio Araújo
Xoves, 05 Xullo 2012 20:11

